

2012/2013

# CON-VIVINDO CON-ARTE



Un espazo creativo que facilita a integración de alumnado con necesidades educativas específicas e a acollida para o alumnado estranxeiro a través da expresión dramática, os malabares e a música, dirixido aos e ás estudantes de ESO e Bacharelato.

**MODALIDADE: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**AUTORES:**

M<sup>a</sup> XOSÉ DOURADO /EMILIO  
GARCÍA/M<sup>a</sup> LUISA MÁRQUEZ

2012/2013

## 1.- CONTEXTUALIZACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

O grupo de teatro “Fiúncho” naceu no curso 1989/1990, cando accederon ao noso centro os primeiros estudantes da ESO, que se incorporaron á experimentación da reforma e desde os seus inicios funcionou como un espazo de traballo cooperativo onde tiñan cabida todas e todos; espazo que se foi asentando ao longo dos anos e que se incorporou como **oferta de actividade extraescolar con carácter permanente**, dispoñendo dun horario fixo (os mércores de 16.00 ás 18.00 horas) na programación anual.

Asemade, como Escola Asociada á UNESCO, entendemos que a cultura supón unha fonte de identidade, de innovación e de creatividade para as persoas e un elemento clave na loita contra a desigualdade social, impulsando a igualdade de oportunidades e favorecendo o benestar afectivo e espiritual do noso alumnado.



## 2.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS: CONCRECIÓN, RELACIÓ COS DOCUMENTOS DO CENTRO/AULA, TEMPORIZACIÓN, ESPAZOS

Non podemos iniciar a explicación das nosas actuacións sen contextualizar a nosa proposta, xa que explica dalgunha maneira a nosa aposta por un modelo de aprendizaxe cooperativa, integradora, e creativa.

O noso centro, o IES “Luís Seoane” está ubicado no barrio de Monteporreiro (Pontevedra), un barrio de aluvión nacido na década dos 70 e con problemas propios do seu rápido crecemento. Desde o momento da creación do Instituto(1988), o barrio sufría de problemas derivados da falta de servizos, a acumulación de vivendas de protección oficial, cunha poboación xuvenil en risco de exclusión e un núcleo significativo de familias monoparentais, con

traballos pouco cualificados e baixo nivel educativo e socioeconómico . Mais ao longo destes 25 anos de existencia, o centro colaborou na vida comunitaria loitando contra o abandono temperán e o absentismo escolar con programas de intervención, acompañamento titorado ou o PROA; promovendo o achegamento das familias ao centro con escolas de nais e país, dando pulo á ANPA; e ten loitado contra o consumo de drogas promovendo, xunto co PIC (Programa de Intervención Comunitaria), obradoiros de Arte Social xunto cos artistas plásticos Rafa e Mercedes. Abriu as súas portas a Europa, favorecendo as prácticas en diferentes países co programa Leonardo ou a aprendizaxe das linguas estranxeiras con programas Lingua e Comenius e, desde a súa incorporación á Rede de Escolas Asociadas, ao resto do mundo a través da súa participación nos proxectos “faro” e nos encontros internacionais promovidos pola UNESCO.

Isto fixo que tivera éxito na extensión da escolarización dunha parte dos nenos e nenas do barrio aínda que segue nesta liña de traballo, colaborando activamente co Secretariado Xitano e as familias. Ao tempo, o centro foise facendo cada vez máis multicultural coa chegada de alumnos e alumnas procedentes de Latinoamérica e Marrocos, o que impulsou a aprendizaxe intercultural.

O Instituto acumula moitos recoñecementos: 6 primeiros premios de Innovación Educativa da Xunta de Galicia, 2 premios VALORA-Interculturalidade, 2º premio Marta Mata á calidade educativa, e recoñecementos específicos por parte da Rede PEA-UNESCO, da Axencia Nacional,etc.

**No curso 2013/2014**, segue disfrutando da carta Erasmus e é centro coordinador dunha Asociación Multilateral Comenius.

#### **ACTIVIDADES:**

Aínda que a aula de teatro ten unha longa traxectoria, presentando un espectáculo novo cada ano (teatro+música+danza), imos fixarnos **na súa actividade durante o curso 2012/2013**

#### **OBXECTIVO XERAL:**

Impulsar o traballo cooperativo, a integración dos nenos e nenas con necesidades educativas específicas, a acollida dos e das estudantes estranxeiras e abrir un espazo para a creatividade, a cultura e o desenvolvemento persoal.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Pór en valor a expresión dramática como elemento de aprendizaxe cultural.

- Sensibilizar aos alumnos e as alumnas sobre a diversidade no centro e na sociedade.
- Favorecer un clima de convivencia pacífica, onde todas e todos teñen valor independentemente da súa condición ou procedencia.
- Resaltar a importancia da creatividade no proceso de aprendizaxe.
- Potenciar as diferentes expresións artísticas: teatro, música, artes plásticas, danza, acrobacia, malabares, etc.

### **COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS:**

A aula de teatro implica todo un proceso que culmina na presentación dun produto que reforza de maneira significativa algunhas das competencias básicas

- A competencia en comunicación lingüística en galego, castelán e inglés.
- A competencia cultural e artística, expresión dramática, canto, malabares, acrobacia, artes plásticas.
- Autonomía e iniciativa persoal, reforzando a autoestima ou a capacidade de superar os retos.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia dixital: elaboración de videos, arquivos fotográficos.

### **VALORES PRO-SOCIAIS TRABALLADOS:**

- A capacidade para traballar en equipos diversos.
- O ser quen de chegar a acordos e consensos.
- A responsabilidade na tarefa individual e colectiva para poder chegar á montaxe do espectáculo.
- O valor do diálogo para solucionar os conflitos.
- A superación das dificultades.
- O funcionamento democrático.
- A solidariedade coas persoas diferentes.
- A capacidade de integrar e non rexeitar.
- A aceptación doutras culturas.

## **3.- CONCRECIÓN E TEMPORIZACIÓN**

### **1º Trimestre: Inicio da actividade/ Primeiros ensaios**

Como cada comezo de curso, convocouse unha reunión para coñecer qué alumnos e alumnas tiñan interese en formar parte do grupo de teatro “Fiúncho”. Inicialmente achegáronse 7 estudantes, dos que finalmente quedaron 5 (un síndrome Asperger e unha hipoacústica), mais nunha segunda convocatoria onde se incluíron os malabares, a música e a acrobacia que sumou 20 estudantes máis (dos cales 5 eran estudantes marroquís). O grupo funciona, desde as súas orixes, como un espazo de traballo cooperativo onde a posibilidade de participar é independente da súa condición ou orixe, o que

favorece a integración e a atención á diversidade. As e os compoñentes do grupo deben aprender e usar estratexias distintas para conseguir que ninguén se sinta desprazado, ao tempo que é necesario establecer consensos e adoptar compromisos para que a montaxe colectiva acolla a todas e todos: ***“nada enriquece máis que a diversidade de puntos de vista”***.

Tras a constitución final dos grupos deron comezo os ensaios, nos que se realiza práctica teatral, exercicios de expresión e voz, práctica dos malabares, preparación das cancións do repertorio, etc. Ao tempo, seleccionáronse na Biblioteca do centro, 3 obras, das que se fixeron lecturas dramatizadas e estudáronse os caracteres das personaxes e as posibilidades de montaxe. Finalmente acordouse representar **“Un xoguete para Goldoni”** de Goldoni.

### **2º Trimestre: Ensaios da obra seleccionada/ Práctica dos titiriteiros/ Construción dos escenarios**

Deseñouse o escenario e entre todas e todos e coa axuda dun grupo de nais fomos configurando o espazo teatral, ao tempo que se iniciaron os ensaios da obra que compartían tempo cos “titoriteiros” todos os mércores de 16.00 horas ás 18.00 horas e no 2º trimestre tamén en dous dos cinco recreos semanais, de maneira voluntaria. Iniciouse o ensaio das cancións que ían formar parte do espectáculo.







### 3º Trimestre: Ensaio xeral / representacións

É o momento de ver os resultados de todo o esforzo desenvolto ao longo dos dous primeiros trimestres. Temos que compartir o noso traballo cos demais, así que comeza o tempo das representacións. Neste curso desenvolvéronse nos seguintes espazos:

- Dúas representacións para as alumnas e alumnos do centro.
- Unha representación ás 20.00 horas para as nais, país, irmáns, avós e avoas, amizaades,...
- Unha representación no Teatro Principal da cidade de Pontevedra na semana das Letras Galegas, no programa *"Ben veñas maio"*.
- Representación no Colexio Xoan XXIII.
- Representación no CEP "Marcos da Portela", o noso centro de primaria adscrito na despedida do alumnado de 6º.
- Participación no Festival Intercultural Internacional no Rancho Folclórico de Cerdal (Valença do Minho).



### a) Relación de recursos empregados

Os recursos empregados son de variados tipos:

- Os propios do Centro: salón de actos, biblioteca, profesorado voluntario,...
- Outros tamén aportados polo centro: vestiario, materias para a construción do escenario, maquillaxe, cámaras de fotografía e de vídeo, pinturas, etc.
- Aportados polas nais: traballo de confección, axuda na montaxe do escenario, traslados aos lugares da representación.

### b) Metodoloxía da súa utilización

A propia natureza da aula de teatro fai que se organice como un equipo de traballo interdisciplinar e de diferentes idades e niveis educativos (desde 1º de ESO ate 2º de Bacharelato) na que se impulsa a cooperación entre as familias e a escola, alimenta sentimentos de solidariedade e equidade, desenvolve actitudes de cooperación co alumnado con necesidades educativas específicas e os procedentes doutras culturas, ao tempo que fortalece os lazos con colexio de primaria adscrito e con outros e participa na vida do barrio como elemento clave de integración social.

Dito isto e diante do reto de conseguir interiorizar, vivir e practicar os valores da integración, da superación das dificultades persoais, sociais ou económicas, de atención plena á diversidade para facer da nosa comunidade educativa un lugar de convivencia harmónica e tolerante, onde todas e todos teñan cabida, onde ninguén sexa discriminado por razón de xénero, de situación económicas ou familiares, pola súa diferenza ou pertenza a unha minoría, propoñémonos a necesidade dunha metodoloxía que o fixera posible. Debería ser unha metodoloxía:

- **Socioafectiva**, ligada aos sentimentos e ás relacións persoais, que faga fincapé na autoestima, a empatía e a importancia dos e das demais.
- **Global** contemplando e integrando na propia realidade o que se vai descubrindo.
- **Baseada no traballo cooperativo** a partir do que todas e todos os membros da aula de teatro poden contribuír coas súas capacidades, intereses e habilidades.
- **Activa e participativa** a transversalidade e interdisciplinariedade do proxecto e implica a participación dos seus membros na selección dos materiais, na elaboración dos escenarios, do vestiario, dos malabares, na acollida das estudantes estranxeiras, dos e das alumnas con necesidades específicas, etc. Todo isto leva a un proceso de



maduración persoal que conduce á construción do coñecemento, da adopción de novas actitudes como a responsabilidade fronte ao traballo propio e ao colectivo, a superación das dificultades e do medo escénico, a capacidade de compartir e solidarizarse, etc.

#### 4.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

Os *indicadores de logro* teñen que ver coa capacidade de presentar un programa completo así como a capacidade de adaptación das e dos compoñentes do grupo a espazos teatrais e a públicos diversos.



*Instrumentos de avaliación :*

- **Enquisa de satisfacción persoal** ao alumnado participante: os resultados son moi positivos ate o punto de que os 24 compoñentes seguen no grupo e na sección de expresión dramática hai xa 13 compoñentes no curso 2013/ 2014.
- **Enquisa ás familias:** valoran os cambios producidos nos seus fillos e fillas que perciben como máis responsables co traballo, máis firmes nos seus compromisos co grupo, máis autónomos e con maior iniciativa e cunha melloría importante na súa autoestima.
- **Enquisa ao profesorado:** valoran a mellora na comunicación oral e escrita, a autonomía do alumnado, o seu desenvolvemento cultural e a súa motivación pola aprendizaxe.



## **5.- PROPOSTAS DE CONTINUIDADE E/OU MELLORA**

O grupo ten unha longa traxectoria: desde a súa creación non deixou de presentar o seu espectáculo anual, de compartir os seus logros con outras escolas e de dar cabida ás e aos estudantes diversos. Estamos satisfeitos porque nos sentimos partícipes e integrantes dun proxecto que nos ilusiona e ilusiona a un número crecente de estudantes, de familias aínda que temos cousas que mellorar na expresión dramática, na musical ou na artística . Neste curso que comeza temos intención de facer obradoiros de maquillaxe teatral e de fantasía, de confección de vestuario e de deseño de escenarios para completar a faceta teatral. Outro de pandeireta para facelo coa faceta musical.

## **6.- CONCLUSIÓNS FINAIS**

Queremos sinalar que o IES “Luís Seoane” é un centro comprometido cunha educación de calidade para todas e todos e que, recoñecendo as dificultades de partida do noso alumnado e do seu entorno, ten posta toda a súa paixón, os seus coñecementos, o seu amor polo ensino, a súa confianza nun mundo máis xusto e equitativo onde as nosas e os nosos estudantes teñan unha igualdade de oportunidades real, reciba a atención na súa diversidade e lles permita aprender a disfrutar dos bens culturais e que o recoñezan como un dereito e non como unha carga.

Neste sentido a Aula de Teatro é un dos proxectos claves que desenvolve o centro polo que supón de participación democrática, de acollemento, de valorar os logros individuais e colectivos e de saber compartilos cos demais.

## **7.- BIBLIOGRAFÍA**

**Goldoni, Carlo: “Un xoguetes para Goldoni”, Xerais, 1995**

**Manuel F. Vieites, Xoán Couto Palmeiro, Antón Lama Pereira López  
“Práctica teatral na escola”, Ir Indo Edicións, 1992.**

**Cunqueiro, Álvaro: “Quen poidera namorala” (Literatura e música)**

### **CANTO CORAL**

**Fernandes, Paula: “Os Caminhos” (canción brasileira compromiso coa  
SIDA infantil en África)(portugués)**

**Tradicional con arranxos musicais e vocais propios: “A saia da Carolina”  
(galego)**

**Lennon, John: “Imagine” (inglés)**

## FOTOGRAFÍAS

<http://es.slideshare.net/alcoipontevedra/un-xogquete-para-goldoni-con-fincho>

## VIDEO MONTAXE DA ACTUACIÓN NO COLEXIO XOAN XXIII

<http://youtu.be/lsdioV3akTI>

# ANEXO DE PRENSA

## El festival que crea público

Cientos de jóvenes siguen en el Principal el ciclo "Ben Veñas, Maio" de teatro

Redacción - Pontevedra 11.05.2013 | 09:46

Asistentes, ayer, al ciclo teatral. // Rafa Vázquez



---

- Fotos de la noticia

---

Tres institutos, A Xunqueira II, Luis Seoane y A Xunqueira I protagonizaron ayer la XVII Mostra de Teatro Ben Veñas, Maio, una cita que llenó de público el Principal y que mostró la buena salud de la escena entre los más jóvenes del municipio. El programa cultural continúa hoy en el Pazo con música y entrega de premios de los concursos.

Decenas de jóvenes pontevedreses forman parte de los grupos de teatro de los institutos, a los que se dirige especialmente la Mostra de Teatro Ben Veñas, Maio. El Teatro Principal fue escenario ayer de una de las sesiones más concurridas, en la que tuvieron cabida diferentes propuestas escénicas.

Los primeros en subir al escenario fueron los alumnos del IES A Xunqueira II para poner en escena "Miña Santiña", de Rosalía de Castro. Siguió el grupo "Fiuncho" con "Un xoguete para Goldoni", de Carlo Goldoni, y ya durante la tarde tomó el relevo el IES A Xunqueira y sus "memorias de Molière", una adaptación de El burgués hidalgo y El enfermo imaginario.

Las actividades de Ben Veñas, Maio continuarán hoy con otras propuestas. Será en este caso la música y la entrega de los premios de los concursos de fotografía, cómic, narración corta, poesía y música.

Estas actividades organizadas por la Coordinadora de los Equipos de Normalización Lingüística de los institutos de Pontevedra en colaboración con la Concellaría de Normalización Lingüística darán comienzo a las 17.30 horas.